



ANPA "RASA" 2019-2020"

C.E.I.P. RAMÓN DE LA SAGRA

Información:

Presencial martes 16:30 a 17:45h

Tfno. 615 512 306 luns a venres de 17:00 a 19:00h

anparamondelasagra@gmail.com

<http://www.apa-rasa-ramondelasagra.es/>

Guía ANPA 2019-2020

Dende a ANPA Rasa, queremos dar a benvida ó CEIP Ramón de la Sagra. Empezades unha nova etapa cos vosos fillos e agardamos que a vosa andadura nela, e sobre todo a dos vosos nenos, sexa moi frutífera e gratificante. Eles acadarán infinidade de coñecementos e vivencias que influirán na súa futura personalidade, e vos verédelos medrar e acompañarédelos ao longo do camiño, participando activamente na súa educación e na vida do colexio. Benvidos á nosa comunidade

Para facilitarvos o voso comezo no próximo curso escolar 2019-2020, achegamos a seguinte información:

A ANPA está tódolos martes no **local da ANPA (comedor do centro)** de 16:30 a 17:45 h. No mes de setembro e xuño ou datas puntuais, o horario ampliarase para dar cobertura ás necesidades das familias, para altas de socio, renovacións e matriculacións de comedor ou actividades.

Hai un buzo específico da ANPA na entrada principal do centro, por onde acceden os cursos de Primaria. Nel, podedes deixarnos calquera información que non poidades chegar doutro xeito.

As fichas de socio cubriranse tódolos anos, xa que por protección de datos, temos que introducilas na nosa base de datos, cada ano, destruíndo datos anteriores.

Os estatutos da Asociación pódense consultar no local da ANPA.

A ANPA dispón dun taboleiro na entrada principal e outro na porta do comedor.

As convocatorias das asembleas anunciaranse, a través de mails ós correos electrónicos, no taboleiro da ANPA situado na entrada principal do colexio e na web da Asociación.

SERVIZOS xestionados pola ANPA:

MADRUGADORES – COMEDOR – LUDITARDE – CONCILIACIÓN – ACTIVIDADES

Matriculación: socios de balde, non socios 25,00 € por alumn@ e servizo.

Para asociarse cómpre cubrir o impreso de alta e pagar unha cota anual que na actualidade é de 25 € (só se pagará unha por familia). A cota deberase transferir/ingresar na conta da ANPA (ABANCA) **IBAN ES24 2080 0068 7130 4000 3024**. Cómpre achegar o recibo e o impreso de alta, ben por correo electrónico (anparamondelasagra@gmail.com) ou ben no buzo da ANPA.

As inscricións de LUDITARDE e demais extraescolares, formalizaranse no local da ANPA, nas datas anunciadas con antelación. As inscricións de COMEDOR e MADRUGADORES formalizaranse por fax ou e-mail directamente ca empresa adjudicataria do servizo <info@arumeservicios.gal>.

As modificacións e baixas durante o curso tramitaranse directamente ca empresa adjudicataria antes do día 25 do mes anterior ó mes da baixa ou modificación, no caso de comedor e madrugadores.

No caso de Luditarde e extraescolares, comunicarse á ANPA antes do 20 de cada mes, mediante un parte de baixa. De non ser así, cobrarase a mensuralidade.

A forma de pago será mediante domiciliación bancaria.

MADRUGADORES Este servizo acolle ós rapaces antes do comezo das clases, entre as 7:30 e as 9:00 h tódolos días do curso.

Prezos:

mensual con almorzo	32,66 €	mensual sen almorzo	17,85 €
4 días con almorzo	26,13 €	4 días sen almorzo	14,28 €
3 días con almorzo	19,59 €	3 días sen almorzo	10,71 €
2 días con almorzo	13,06 €	2 días sen almorzo	7,14 €
1 día con almorzo	6,53 €	1 día sen almorzo	3,57 €
esporádico con almorzo	2,50 €	esporádico sen almorzo	2,00 €

COMEDOR Este servizo desenvólvese entre as 14:00 h e as 16:00 h tódolos días do curso. Habrá dúas quendas de saída, as 15:15 h e as 15:50 h, comunícase á empresa cal preferides. Fóra destes horarios non se poderá recoller aos nenos salvo urxencias.

Prezos:

5 días á semana	79,98 €
4 días á semana	63,98 €
3 días á semana	47,99 €
2 días á semana	31,99 €
1 día á semana	16,00 €
esporádico	5,50 €

Descontos madrugadores e comedor:

- Segundo irmán: Desconto do 10% na mensuralidade do irmán máis novo.
- Familia numerosa (3 ou máis irmáns usuarios do comedor). Desconto do 5% na mensuralidade de tódolos irmáns.
- Usuario Madrugadores e Comedor: Desconto do 7% na mensuralidade do comedor.
- Descontos non acumulativos.

Seguro de accidentes: Cada usuario fará un pago único de 4,00 € en concepto de seguro, que se cargará xunto coa primeira mensuralidade.

As **Normas establecidas pola ANPA e aprobadas polo Consello Escolar** para os servizos de comedor e madrugadores son de obrigado cumprimento, entregarase un exemplar aos usuarios no comezo do curso.

As dietas especiais por alerxias ou intolerancias comunicaranse no momento da inscrición, axuntando xustificante ou informe médico actualizado. Do mesmo xeito, os esporádicos deberán avisar o día antes do que se fora facer uso do comedor, tanto á empresa ARUME coma ao titor. Procurade non chamar ao teléfono do comedor en horario de 14:00 a 16:00 h salvo urxencias.

Empresa que xestiona os servizos de comedor e madrugadores: ARUME. Teléfono de contacto: 630 36 38 44.
E-mail: info@arumeservicios.gal.

Teléfono comedor: 616 712 303

LUDITARDE

É o programa de animación sociocultural do noso centro, que se desenrola de 16:00 a 18:00 h, de luns a venres. Baixo a pedagogía do ocio e tomando un centro de interese por trimestre, desenvólvense distintas áreas de contido: plásticas, motrices, musicais, de lóxica, deportivas e informáticas, sen esquecer a animación teatral e a lectura.

Podedes ver a información na **web da ANPA** e no **blog** <http://ludiramon.blogspot.com.es/>

Prezos:

Individual	32,00 €
2 fillos	51,20 €
3 fillos	67,20 €
4 fillos ou máis	76,80 €

Estes prezos son do curso 18/19 e poderán variar para o curso 19/20 debido a que se definen pola federación de anpas a comezo do novo curso.

Este programa ten posibilidade de beca do Concello aparelada á concesión da becado comedor.

CONCILIACIÓN

Durante o curso escolar 2017-2018 puxemos en marcha este servizo a fin de favorecer que as nosas nenas e nenos poidan xantar coas súas familias. O servizo ten dúas posibilidades de recollida por parte das familias, 14:30 h e 15:00 h, e a posibilidade de anotarse días alternos ou esporádicos cada mes. Unha educadora recolle as nenas e nenos as 14:00 h e organiza actividades, no ximnasio do noso cole, respectando os ritmos e necesidades de cada neno e nena mediante materiais e recursos que favorezan unha cálida espera. As nenas e nenos poden levar un petisco.

O pago desta actividade realízase por transferencia bancaria mensualmente na conta do ANPA, indicando nome do neno e concepto conciliación agás o pago de esporádicos que poderase facer tamén en mao no local da ANPA. Unha vez feita a transferencia deberase enviar por email ou no buzo unha copia da mesma.

As tarifas son as seguintes:

TARIFAS MENSUAIS	1 NENA OU NENO	2 o IRMÁ E SEGUINTE
5 días a semana	30 €	15 €
4 días a semana	24 €	12 €
3 días a semana	18 €	9 €
2 días a semana	12 €	6 €
1 día a semana	6 €	3 €
1 semana o mes	10 €	5 €
2 semanas o mes	20 €	10 €
Esporádico	2 € día	2 € día

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Para este curso 2019-20, a ANPA RASA pretende ofertar, ademais de LUDITARDE, outras actividades coma INGLÉS, JUMPING CLAY, SONICREQUES, PIANO, DANZA URBANA, GUITARRA, ROBÓTICA, CAPOEIRA, PEQUECHEF, PREDEPORTE, PATINAJE, BALONCESTO, BAILE MODERNO-ZUMBA, LENGUAJE DE SIGNOS, PONTE AL DIA, CREAMCOMIC, LUDIJUMPING, TEATRO, CORTOMETRAXES E PISCINA*

No mes de setembro informarase sobre as actividades que saian polo cupo das mesmas, en caso de interesarlles algunha outra actividade póñase en contacto ca Anpa.

CARNÉ DE SOCIOS

A tódalas familias socias da ANPA correspóndelles un carné numerado cos datos da familia socia para facilitar as xestións das actividades organizadas pola ANPA, trátase dun único carné por familia. Ós alumnos de nova matriculación, que non teñan irmás no centro que xa dispoñan del, faráselle o carné no momento da formalización do pago da cota de inscrición. O carné será unha ferramenta válida e imprescindible para acceder a descontos na adquisición do chándal e acceso a outras actividades lúdicas (festas).

CHÁNDALES

Pódense adquirir dous modelos de chándal escollidos para o noso colexio, na tenda DEPORTES SANREMO (Rolda de Outeiro, 320 Baixo) podendo compralos a un prezo moi vantaxoso, previa identificación de socio do ANPA Rasa. Os socios gozarán ademais dun 10% de desconto nos demais produtos da tenda (salvo en referencias con ofertas xa existentes ou período de rebaixas).

Os dous modelos escollidos son da marca Joma: un de poliéster (desde 3 a 12 anos) e outro de algodón con sudadera (desde 7 a 12 anos), ambos coa parte de arriba en cor vermella co bordado do noso colexio, e co pantalón en cor azul. **Podedes ver os modelos e prezos na web da ANPA.**

CAMPAMENTO de VERÁN E VACACIÓNS

No caso de organizar campamentos para este curso no noso centro, ou colaborando coa ANPA Xanela informarase ca antelación suficiente para facilitar a inscrición.

C.E.I.P RAMÓN de la SAGRA

Ronda Camilo José Cela 4, 15008 A Coruña Tel: 981 280 208